1. COMENTARIO DE TEXTO:

Mirade que clase de pacto fixestes con Deus no bautismo. Prometestes renunciar ao demo (…) e as súas malas obras (…). ¿E como volven de seguida aos cultos do demo algúns de vós que renunciastes a el, aos seus anxos, aos seus cultos e ás súas malas obras? Pois acender velas xunto ás pedras, ás arbores, ás fontes e nas encrucilladas, ¿que outra cousa e senón culto ao demo? Os actos de adiviñación e os agoiros e celebralos días dos ídolos ¿que outra cousa e senón culto ao demo? Celebralas Vulcanais e as Calendas, adornalas mesas e poñer pólas de loureiro, prestar atención ao pé que se usa, botar gran e viño sobre un tronco e poñer pan nas fontes, ¿que outra cousa e senón culto ao demo? Que as mulleres invoquen a Minerva mentres tecen, que elixan o día de Venus para casar e que presten atención a que día se poñen en camiño, ¿que outra cousa e senón culto ao demo?

San Martiño de Dumio. *De correctione rusticorum*, 15-16. Texto orixinal en latín

1. Ponlle un título a este texto.
2. Sitúa cronoloxicamente este texto.
3. Busca información relativa ao autor e a súa importancia no período histórico estudado.
4. Comenta brevemente as principais ideas do texto.